

Código do posto: EFC030001415770001.
 Denominación: interventor delegado Consellería Pesca e Asuntos Marítimos.
 Nivel: 30.
 Complemento específico: 15.821,52 €.
 Grupo: A.
 Corpo ou escala: xeral/finanzas (A9.3).
 Tipo de posto: N.
 Tipo de adscrición: (A11) adscrición indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración de comunidades autónomas.
 Formación específica: (640) para persoal doutra Administración, curso perfeccionamento de galego (RI).
 Centro directivo ou dependencia: Intervención Xeral da comunidade autónoma.
 Localidade: Santiago de Compostela.

ANEXO II

NOTA: úsese o publicado na páxina 17.450.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 20 de outubro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fai público o acordo do tribunal da categoría de médico de familia de atención primaria, relativo á resolución definitiva da primeira fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste organismo.

O punto 2 da base décimo sexta da Orde do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que, publicadas as listaxes provisionais, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, se é o caso, as correccións oportunas, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución definitiva da asignación de destinos por centros de xestión.

Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas reclamacións entenderanse implícitas nesta resolución.

Así mesmo, coas prazas non adxudicadas ou que resulten vacantes como consecuencia da fase de provisión iniciárase de novo o procedemento de provisión previsto, relacionándose as devanditas prazas por centros de xestión, establecendo o prazo, a forma, o lugar de presentación de solicitudes e sinalando o lugar, data e hora de celebración da segunda entrevista.

Polo tanto, procede agora darlle publicidade no DOG polo que

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter definitivo, as puntuacións e os destinos obtidos polos aspirantes que participaron na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado pola Orde do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), da categoría de médico de familia de atención primaria.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Convocar o novo proceso da fase de provisión para a adxudicación das seguintes prazas:

Área de Lugo:

Cód.	Centro	Municipio	Quenda	Nº prazas
24	C.S. Folgoso do Courel	Folgoso do Courel	Mañá	1
25	C.S. Seoane do Courel	Folgoso do Courel	Mañá	1
35	C.S. Xove	Xove	Mañá	2
67	C.S. Quiroga	Quiroga	Mañá	1
82	C.S. O Valadouro	Valadouro (O)	Mañá	1
83	C.S. O Vicedo	Vicedo (O)	Mañá	1
87	C.S. Burela	Burela	Mañá	1
563	C.S. Foz	Foz	Mañá	1
5048	C.S. Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Tarde	2
5068	C.S. Ribadeo	Ribadeo	Tarde	1
5563	C.S. Foz	Foz	Tarde	1

Área de Ourense:

Cód.	Centro	Municipio	Quenda	Nº prazas
389	C.S. O Barco de Vald.	Barco de Valdeorras (O)	Mañá	2
394	C.S. O Bolo	Bolo (O)	Mañá	1
454	C.S. A Rúa	Rúa (A)	Mañá	1
456	C.S. Vilaríño de Conso	Vilaríño de Conso	Mañá	1
465	C.S. A Veiga	Veiga (A)	Mañá	1
468	C.S. Viana do Bolo	Viana do Bolo	Mañá	3
487	C.S. Carballeda de Valdeorras	Carballeda	Mañá	1
5389	C.S. O Barco de Vald.	Barco de Valdeorras (O)	Tarde	2

Área de Pontevedra-Vigo:

Cód.	Centro	Municipio	Quenda	Nº prazas
5281	C.S. Cangas	Cangas	Tarde	3
5304	C.S. A Guarda	A Guarda	Tarde	2
5305	C.S. Lalín	Lalín	Tarde	1
5316	C.S. Moaña	Moaña	Tarde	2
5329	C.S. O Porriño	Porriño (O)	Tarde	1
5334	C.S. Pontearreas	Pontearreas	Tarde	3
5339	C.S. Redondela	Redondela	Tarde	1
5362	C.S. A Doblada	Vigo	Tarde	2
5512	C.S. Coia	Vigo	Tarde	2

Neste segundo proceso de asignación deberá participar obrigatoriamente o persoal que, como consecuencia do proceso de consolidación de emprego, obtivese a situación de persoal estatutario en expectativa de destino sempre que non obtivesen destino definitivo no primeiro proceso de asignación de prazas.

O persoal que se atope en situación de reingreso provisional ao servizo activo no Servizo Galego de Saúde, que participando no primeiro proceso de asignación de prazas e solicitando todas as da súa categoría, especialidade e área de saúde non obtivese destino definitivo nela, deberá participar obrigatoriamente neste segundo proceso de asignación sempre que se oferten prazas da súa categoría, especialidade e área de saúde. O reingresado provisional que non participe neste segundo proceso de asignación de prazas ou non obteña praza e non solicitase todas as da súa categoría, especialidade e área de saúde, será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria.

Cuarto.-Cada participante deberá cubrir soamente unha única solicitude, axustándose ao modelo xa utilizado anteriormente que figura como anexo desta resolución, e na páxina web do Sergas (www.sergas.es), e respectando estritamente a codificación que identifica a cada centro ou complexo hospitalario, sen ter que achegar ningunha outra documentación complementaria acreditativa de méritos, agás o persoal estatutario fixo.

Así, presentarán unha solicitude na División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo

Galego de Saúde (San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela) enviada ao seu fax 981 54 28 18, cos seus datos identificativos e as prazas solicitadas, no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto.-Convocar os aspirantes para a realización das entrevistas, no edificio administrativo do Servizo Galego de Saúde, en San Lázaro s/n, de Santiago de Compostela, o vindeiro día 10 de novembro de 2005, ás 16.30 horas.

Sexto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición ante esta división no prazo dun mes desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2005.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

ANEXO



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN
NA SEGUNDA FASE DE PROVISIÓN

<p>PROCESO EXTRAORDINARIO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO Ordres do 15-2-2002, 20-5-2002 e 29-7-2002</p>		<p>Requisito</p>
<p>Categoría ou especialidade:</p>	<p>MÉDICO DE FAMILIA DE ATENCIÓN PRIMARIA</p>	<p>Código: 46</p>

<p>DATOS PERSOAIS</p>	
<p>Nome:</p>	<p>DNI:</p>
<p>Apelidos:</p>	
<p>Domicilio completo:</p>	
<p>Telefonos de contacto:</p>	

<p><input type="checkbox"/> Expectativa de destino De participar noutra fase de provisión, indique a categoría ou especialidade</p>	<p>SITUACIÓN ADMINISTRATIVA</p>
<p><input type="checkbox"/> Activo ou con reserva de praza *</p>	
<p><input type="checkbox"/> Reingresado provisional *</p>	
<p><input type="checkbox"/> Comisión de servizo *</p>	
<p>* Nome do centro</p>	
<p><input type="checkbox"/> Excedente</p>	<p>Data da resolución</p>

DESTINOS SOLICITADOS * (base quinta, punto 2 da convocatoria da fase de provisión)

	Orde	Código praza	Orde	Código praza	Orde	Código praza	Orde	Código praza	Orde	Código praza
ÁREA LUGO	1		2		3		4		5	
	7		8		9		10		11	
ÁREA OURENSE	1		2		3		4		5	
	7		8		9		10		11	
ÁREA PONTEVEDRA-VIGO	1		2		3		4		5	
	7		8		9		10		11	

Declaro que reúno todos os requisitos exixidos para participar nesta convocatoria e que son certos os datos alegados (lugar, data e sinatura).

En _____ de _____ de 2005.

Asdo.:

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 13 de outubro de 2005 pola que se aproba a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para a provisión de nove prazas de auxiliar técnico de instalacións deportivas.

Por Resolución do 26 de abril de 2005 (BOE do 17 de maio), convocáronse probas selectivas para a provisión de nove prazas de auxiliar técnico de instalacións deportivas, vacantes no cadro de persoal laboral desta universidade.

Por Resolución do 4 de xullo de 2005 (DOG do 26 de xullo) aprobouse a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos nas mencionadas probas selectivas, fixéndose un prazo para a corrección e emenda dos motivos de exclusión ou omisión. Rematado este prazo e consonte o establecido na base 4ª da convocatoria.

Esta reitoría

RESOLVEU:

Primeiro.-Declarar aprobada e facer pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás citadas probas, con expresión da causa de exclusión. A lista completa de aspirantes figurará exposta no taboleiro de anuncios da reitoría (Campus Universitario, Vigo) e nos rexistros auxiliares dos Campuses de Ourense (unidade administrativa), Campus de Pontevedra (Facultade de Ciencias Sociais) e Vigo (r/ Oporto, nº 1).

Segundo.-Convocar aos aspirantes admitidos pola quenda de promoción interna para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o día 20 de decembro de 2005, ás 10.00 horas na Aula de Seminarios do edificio do Servizo de Deportes no Campus Universitario de Vigo.

Os aspirantes deberán ir provistos do documento nacional de identidade, lapis do nº 2, goma de borrar e bolígrafo negro ou azul.

Terceiro.-Establecer un prazo de tres días hábiles a partir do seguinte ao de realización deste primeiro exercicio para reclamar o seu cuestionario.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderase interpor recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das adminis-

tracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 13 de outubro de 2005.

Domingo Docampo Amoedo
Reitor da Universidade de Vigo

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN DO BARCO DE VALDEORRAS**

Edicto (141/2005).

Inmaculada Crespo Fernández, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia do Barco de Valdeorras, fai saber que no asunto arriba indicado se ditou sentenza cun encabezamento e decisión son do teor literal seguinte:

Sentenza número 75/2005.

O Barco de Valdeorras, 13 de maio de 2005.

Antecedentes de feito.

Primeiro.-O procurador Jorge Vega Álvarez, en nome e representación de Manuel Rodríguez Prada, presentou demanda de divorcio, con data 28 de decembro de 2004, contra Ludivina Carrio Carrio.

Segundo.-En virtude de auto do 20 de xaneiro de 2005, admitiuse a trámite a demanda, e acordouse emprazar a parte demandada para contestala dentro dos vinte días seguintes ao da súa notificación e, estando a demandada en paradiro descoñecido, foi emprazada por edictos.

Terceiro.-En virtude de providencia do 7 de abril de 2005, a demandada foi declarada en rebeldía procesual, tendo transcorrido o prazo legal sen contestar a demanda. Sinalouse para a celebración da vista o día 11 de maio de 2005 ás 11.00 horas, tras ser suspendida nunha ocasión por falta de citación da citada providencia.

Cuarto.-Ao acto da vista compareceu unicamente a parte demandante, concorrendo os preceptivos requisitos de postulación.

A parte demandante afirmou e ratificouse no seu escrito de demanda, propondo proba consistente en documental e proba testifical.

E resolvo que, estimando a demanda formulada por Jorge Vega Álvarez, en nome e representación de Manuel Rodríguez Prada, contra Ludivina Carrio Carrio, declarada en situación de rebeldía procesual, debo declarar e declaro o divorcio de ambos, quedando revogados os consentimentos e poderes que calquera deles lle outorgase ao outro, así como a posibilidade de vincular bens privativos do outro cónxuxe no exercicio da potestade doméstica, coa